

**ACTA N.º 6/2014**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 29 DE MAIO DE 2014**

**ASUNTOS**

**I.- PARTE RESOLUTIVA**

- I.1.- ACTA ANTERIOR
- I.2.- MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
- I.3.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE NIGRÁN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN DIVERSAS ZONAS DO CONCELLO (FEDER GALICIA 2007-2013): PRIMEIRA ADDENDA.
- I.4.- MOCIÓN SOBRE CUMPRIMENTO DE PROPOSTAS APROBADAS POLO PLENO, EN PARTICULAR A DE DEVOLVER O DOBRE SENTIDO Á RÚA DO MARÍNEIRO
- I.5.- ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2014

**II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

- II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E COMUNICACIÓN RELATIVA Á DESAFECTACIÓN DO LOCAL ESCOLAR DE PRIEGUE
- II.2.- DAR CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DO CONCELLO DE NIGRÁN, DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2014
- II.3.- DAR CONTA DO INFORME DO INTERVENTOR XERAL (rfa. T 44/14) SOBRE PRÓRROGA DO ORZAMENTO XERAL DO ANO 2013 PARA O ANO 2014: AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGLA DE GASTO E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA
- II.4.- DAR CONTA DO INFORME DO INTERVENTOR XERAL (rfa. T 50/14), DE AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGLA DE GASTO E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2014, E AS ESTIMACIÓNS A 31-12-2014
- II.5.- ROGOS E PREGUNTAS

**ASISTENTES:**

*Grupos:*

**Alcalde-Presidente:**

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

**Concelleiros/as:**

- D. Alberto García Pazos  
- D.<sup>a</sup> Lilitiana Silva Pequeño  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorroto  
- D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> José Pino Fernández  
- D. Antonio Souto Martínez  
- D. José Antonio Vidal Meneses

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Araujo Duarte  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Martínez Losada  
- D. Rubén Rial Sánchez  
- D. Manuel Doldán Costas  
- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández  
- D. Antonio Fernández Comesaña

- Non Adscrito:

- D. Ignacio Vilas González

---

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

#### **Outros datos da sesión:**

- *Data:* Xoves, 29 de maio de 2014
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 10:02
- *Hora de remate:* 15:23
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

#### **Incidencias:**

- Ás 12:30 horas, rematado o punto I.4 da orde do día a Presidencia interrompiu a sesión para un descanso nos debates, reanudándose a sesión ás 12:40 horas.

- D. Alberto García Pazos e D. Antonio Souto Martínez abandonan a sesión despois de rematada a votación do punto I.5 da orde do día.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

### **I.- PARTE RESOLUTIVA**

#### **I.1.- ACTA ANTERIOR**

Corresponde á sesión de 28 de abril de 2014

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 28 de abril de 2014 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

#### **I.2.- MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de maio de 2014, dictamina:

A) Desfavorablemente a Moción presentada por D. Xavier Rodríguez Fernández do grupo Mixto na que propón:

- As Comisións Informativas do Concello de Nigrán (de Asuntos Xerais, de Contas, e de Urbanismo, segundo a súa configuración actual) estarán, todas elas, compostas

polo Alcalde ou persoa en quen delegue, dous representantes de cada grupo municipal e o concelleiro non adscrito.

- O sistema de votación será o de voto ponderado, correspondéndolle un voto ao concelleiro non adscrito e a cada un dos concelleiros do grupo mixto, 6 votos ao grupo socialista e 7 votos ao grupo popular.

B) Favorablemente a Moción formulada por D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto, na que propón:

Reducir o número actual de membros nas Comisións Informativas e modificar a súa composición, de tal forma que Presididas polo alcalde, membro nato, e na súa ausencia polo Tenente de Alcalde, estarían integradas por sete concelleiros distribuídos da seguinte forma:

- Comisións de Asuntos Xerais e Especial de Contas: Grupo Popular 3, Grupo Socialista 3 e Grupo Mixto 1

- Comisión de Urbanismo: Grupo Popular 2, Grupo Socialista 3, Grupo Mixto 1 e No adscrito 1.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde Presidente:* Explica os antecedentes.

*D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo mixto:* A súa moción foi ditaminada favorablemente. Trátase de adaptar as comisións á nova situación do Pleno, no que o goberno non ten maioría absoluta. Mantense tamén e a representación que xa tiña o Concelleiro non adscrito.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:* O PSOE foi quen presentou a primeira iniciativa, co fin de acadar esa acomodación á que se refire o Sr. Fernández Comesaña. Foi votada en contra e dela deriva a que agora resultou ditaminada. Aínda que esta última non lles satisface plenamente, adaptáronse ao decidido pola maioría.

*D. Xavier Rodríguez Fernández; do grupo mixto:* El tamén ten unha proposta que defenderá como emenda á que ditaminou favorablemente a Comisión. A actual composición impide participar aos dous Concelleiros do grupo mixto. Isto podería terse arranxado mediante a adopción do voto ponderado; o cambio no reparto de forzas no Pleno deu lugar a todo este proceso de revisión das comisións. Aquí evitase que todos os partidos da Corporación estean nas comisións informativas por iso formula esta proposta de voto ponderado, pensa que isto mellora as comisións, que non están sendo operativas. A do concelleiro de UCN mellora a situación actual, pero non resolve a cuestión da maioría do Partido Popular, que a mantén a través do voto ponderado, por iso non vai votar a favor desta alternativa, que rexeita, presentando a súa como emenda ao ditame da Comisión.

*Sr. Alcalde Presidente:* Aceptan a ditaminada pola Comisión. O importante é o que se decide no Pleno, onde estamos todos. A do voto ponderado xera certas dúbidas na súa aplicación

práctica.

*Sr. Fernández Comesaña:* É certo que o grupo mixto non ten a representación que debería, ao estar integrado por dous partidos. A súa proposta pensa que é a menos mala neste momento. A mellor solución sería que os dous partidos do grupo mixto estivesen representados.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Hai que tratar de mellorar o funcionamento nas institucións, e non pegarse tanto a inercia.

**Votación e acordo da Moción do Sr. Rodríguez Fernández, presentada como emenda alternativa á proposta ditaminada favorablemente pola Comisión.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 8; PP.
- Abstencións: 8; PSOE, Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto e Sr. Vilas González, Concelleiro nos adscrito

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a emenda.

**Votación e acordo sobre a proposta ditaminada favorablemente pola Comisión.** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PP, PSOE, Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto e Sr. Vilas González, Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa e, en consecuencia:

Reducir o número actual de membros nas Comisións Informativas e modificar a súa composición, de tal forma que Presididas polo alcalde, membro nato, e na súa ausencia polo Tenente de Alcalde, estarían integradas por sete concelleiros distribuídos da seguinte forma:

- Comisións de Asuntos Xerais e Especial de Contas: Grupo Popular 3, Grupo Socialista 3 e Grupo Mixto 1
- Comisión de Urbanismo: Grupo Popular 2, Grupo Socialista 3, Grupo Mixto 1 e non adscrito 1.

### **I.3.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE NIGRÁN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN DIVERSAS ZONAS DO CONCELLO (FEDER GALICIA 2007-2013): PRIMEIRA ADDENDA.**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de maio de 2014, dictamina favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia:

Con data 28 de novembro de 2013 o Pleno do Concello aprobou o texto definitivo do Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Nigrán para a execución das obras de ampliación das redes de saneamento e abastecemento en diversas zonas do concello (FEDER Galicia 2007-2013).

O 23 de decembro de 2013 asinouse o citado Convenio.

Á vista de actuacións posteriores, Augas de Galicia propón modificar o Convenio mediante unha Primeira Addenda ao mesmo, que se transcribe a seguir, e na que tamén se explican as razóns dos cambios propostos:

**PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE NIGRÁN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN DIVERSAS ZONAS DO CONCELLO DE NIGRÁN, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013.**

*En Santiago de Compostela, .....*

*Dunha parte, D. Agustín Hernández Fernández de Rojas, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, de acordo co artigo 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobados polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.*

*Doutra parte, D. Alberto Valverde Pérez, alcalde do Concello de Nigrán, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.*

**EXPOÑEN**

*O 23 de decembro de 2013 asinouse Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Nigrán para a execución das obras de ampliación das redes de saneamento e abastecemento en diversas zonas do concello de Nigrán, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo FEDER Galicia 2007-2013.*

*Posteriormente tras un estudo en profundidade das actuacións que segundo o Convenio corresponden executar a Augas de Galicia, comprobouse que coas cantidades reservadas para a execución do convenio de referencia Augas de Galicia poderá executar tres obras, e, por motivos técnicos e de eficiencia, dúas delas refundiranse nun so proxecto. Este extremo comunicouse ao Concello de Nigrán na primeira Comisión de Seguimento do Convenio, celebrada o 24 de marzo de 2014.*

*A citada Comisión de Seguimento propón que o Concello de Nigrán substitúa unhas das actuacións que este tiña previsto levar a cabo, "Tanque de tormenta zona perimetral Porto do Molle (Saneamento)", por a actuación "Proxecto de rede de saneamento e abastecemento en Camiño do Rincho e rede de saneamento de enlace camiño Piñeiro con rúa Dehesa", o que consideran máis adecuado para a consecución dos fins perseguidos co convenio.*

*Asemade, tendo en conta que aínda non se licitou ningunha obra, proponse un reaxuste de anualidades para adecuar as estipulacións económicas ao ritmo previsto para a execución das obras.*

Por esta razón, acórdase modificar as cláusulas segunda e terceira, no relativo as obrigas das partes e ao réxime de financiamento.

Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes,

## **A C O R D A N**

Subscribir a presente addenda ao convenio de colaboración citado, modificando as cláusulas segunda e terceira, nos seguintes termos:

### **SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES**

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

A.- Augas de Galicia obrígase a:

- Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio que se concretan na cláusula seguinte.
- Contratar, mediante os oportunos expedientes, as seguintes obras, a executar por un importe total de OITOCENTOS MIL EUROS (800.000 €):
  - Abastecemento en Parada.
  - Saneamento nas rúas Lagoiña, Xestal e Palomar.
- O control, dirección, execución e coordinación das actuacións necesarias para a execución dos proxectos das obras enriba citadas e, unha vez executadas, a súa recepción.
- Entregar as citadas obras ao concello, unha vez sexan recibidas de conformidade, co fin de que por este sexa asumido o seu mantemento e conservación.

B.- O Concello de Nigrán obrígase a:

- Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio que se concretan na cláusula seguinte, remitindo a Augas de Galicia o compromiso de efectuar as achegas correspondentes.
- Contratar, mediante os oportunos expedientes, as obras que a continuación se detallan, a executar por un importe total de DOUSCENTOS MIL EUROS (200.000 €):
  - "Proxecto de rede de saneamento e abastecemento en Camiño do Rincho e rede de saneamento de enlace camiño Piñeiro con rúa Dehesa"
  - Saneamento en Camiño do Monte, Camiño Regueiro e outras ampliacións.
- O control, dirección, execución e coordinación das actuacións necesarias para a execución dos proxectos das obras enriba citadas e, unha vez executadas, a súa recepción.
- Prestar, no seu momento, conformidade cos proxectos técnicos das obras e emitir a certificación acreditativa, se procede, de ter sometido a información pública os proxectos, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 20 días hábiles e, no seu caso, un informe sobre as alegacións presentadas.
- A posta a disposición efectiva, mediante certificado, libre de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios para a normal execución das obras e aportar, de ser o caso, os correspondentes permisos, licenzas e autorizacións necesarias para levalas a cabo.
- Renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.
- Respecto das actuacións que contrate Augas de Galicia: asumir, de forma definitiva, unha vez terminadas e recepciónadas as obras por Augas de Galicia e previa entrega destas ao Concello, a explotación, mantemento e conservación das mesmas. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 4 do Decreto 246/1992, de 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público.
- Respecto das obras que contrate o concello: asumir, de forma definitiva, unha vez terminadas e recepciónadas as obras polo Concello, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

### **TERCEIRA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO**

O custo total das actuacións contempladas ascende a 1.000.000 € (UN MILLÓN DE EUROS), que serán financiadas de acordo co seguinte réxime:

Augas de Galicia financiará a totalidade das obras descritas no apartado A) da cláusula segunda do convenio, sendo o custo total de todas estas actuacións de 800.000,00€ (OITOCENTOS MIL EUROS), para o que existe crédito suficiente e axeitado na conta nº 230, "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:

Actuacións de saneamento:

- 2014: 20.000,00 €
- 2015: 200.000,00 €

Actuacións de abastecemento:

- 2014: 0,00 €
- 2015: 580.000,00 €

Estas actuacións encádranse dentro do eixe 3, temas prioritarios 45, actuación 2 (renovación, mellora, optimización e desenvolvemento de novas infraestruturas de abastecemento tales como presas pequenas, encoros, captacións, depósitos reguladores, estacións de tratamento de auga potable, redes de distribución e sistemas de automatización e control), e 46, actuación 3 (construción de novas redes de colectores–saneamento e pluviais- e emisarios), comprendidos dentro do programa operativo FEDER Galicia (2007-2013), coa porcentaxe de cofinanciamento comunitario do 80%.

O Concello de Nigrán financiará a totalidade das obras que descritas no apartado B) da cláusula segunda do convenio, sendo o custe total de todas estas actuacións de 200.000,00€ (DOUSCENTOS MIL EUROS), para o que existe crédito suficiente e axeitado na aplicación orzamentaria 1316160902 "Saneamento para mellora ambiental no parque empresarial de Porto do Molle" coa seguinte distribución de anualidades:

- 2014: 100.000,00 €
- 2015: 100.000,00 €

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes a presente addenda, no lugar e data do encabezado.

O PRESIDENTE DE AUGAS DE GALICIA  
DE NIGRÁN

O ALCALDE DO CONCELLO

Agustín Hernández Fernández de Rojas

Alberto Valverde Pérez

---

Tendo en conta a normativa que se cita no texto transcrito e demais de aplicación, propónse ao pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar o texto da Primeira Addenda ao *Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Nigrán para a execución das obras de ampliación das redes de saneamento e abastecemento en diversas zonas do concello de Nigrán, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo FEDER*

*Galicia 2007-2013*, asumindo o Concello os compromisos municipais que contén.

**Segundo.-** Facultar ao Alcalde para subscribir a Addenda en representación do Concello de Nigrán e para realizar as demais actuacións necesarias para a execución do acordado.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde Presidente:* Explica os antecedentes e os cambios propostos, dando conta das anualidades previstas e das actuacións correspondentes. Tamén alude ao compromiso de achega municipal xunto co seu destino. Elimínase a anualidade 2013.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:* É unha proposta convincente e pedirán que se leve a cabo; non como a da rúa do Mariñeiro.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Non votará a favor polas dúbidas que lle ofrece. As obras inicialmente previstas eran seis a cargo da Xunta, e o Concello encargábase doutras. Esta modificación significa que Augas de Galicia so vai facer dúas actuacións cos mesmos cartos, asumindo o Concello parte das que antes facía a Xunta. Ou se calculou inicialmente moi mal, ou non se sabe por que estes cambios no orzamento das obras. As baixas nas de Augas de Galicia quedarán para eles e non se reinvestirán aquí. É lesiva para Nigrán.

*D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo mixto:* As modificacións sucédense e agora propónse un cambio substancial nas anualidades e nas obras. Así, desaparece a da rúa Mestra Emérita mentres outras pasan a financiamento municipal. Parece que se partiu dun mal cálculo. De novo improvisa o Goberno. Primeiro ofrece falsas expectativas e agora cambia as condicións pola porta de atrás. Non avalarán este convenio, absteranse.

*Sr. Alcalde Presidente:* Se estivese na oposición non dubidaría en apoiar unha achega da Xunta de Galicia coma esta. O Goberno si aceptará este convenio. O normal é que os remanentes queden nas Administracións que aportan. Ao baixar das estimacións ao detalle técnico dos proxectos houbo que facer axustes. Hai obras que quedan fóra que se poderán executar con cargo ao orzamento municipal, critica que non se lle dea o aval político a esta iniciativa.

*Sr. González Pérez:* Se el estivese no Goberno, daríalle a benvida a este investimento da Xunta en Nigrán. Sendo oposición tamén o apoiarán.

*Sr. Rodríguez Fernández:* O que se está votando é a modificación do convenio aprobado; modificación que considera lesiva.

*Sr. Alcalde Presidente:* A modificación é necesaria para que o convenio se poida levar a cabo. Senón perderíanse os 800.000,00 euros da Xunta.

*Sr. Fernández Comesaña:* O convenio foi aprobado en 2013 e UCN apoiouno. Agora estase atrasando o investimento cambiando os parámetros. Pode entender certos cambios, porque inicialmente improvisouse. Como mostra de boa vontade vai a votar finalmente a favor, con todas as reservas expresadas.



*Sr. Alcalde Presidente:* Alégrase da nova posición do representante de UCN e o que espera é que tamén se aplique na aprobación do orzamento, no que se contemplan investimentos complementarios. No convenio hai unha comisión de seguimento, que entendeu que non procedía o do tanque de tormentas e deixou claro que as estimacións das obras de abastecemento de Parada quedábanse curtas. Non cabe perder estes investimentos, que sería a consecuencia de non apoiar a addenda.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Non se vai a manifestar en contra, senón que se absterá, a pesar das reservas expresadas sobre o contido desta modificación.

*Sr. Alcalde Presidente:* Poderán ver os proxectos cando os remita a Xunta de Galicia.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16 ; PP, PSOE, Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto e Sr. Vilas González, Concelleiro non adscrito
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta da Comisión Informativa, coa aclaración de que a aplicación orzamentaria municipal á que se refire o último parágrafo da cláusula terceira será a 1416160902.

#### **I.4.- MOCIÓN SOBRE CUMPRIMENTO DE PROPOSTAS APROBADAS POLO PLENO, EN PARTICULAR A DE DEVOLVER O DOBRE SENTIDO Á RÚA DO MARIÑEIRO**

*A) Ditame da Comisión:*

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de maio de 2014, despois de apreciar á urxencia, dictamina desfavorablemente a seguinte Moción do grupo Socialista e dos Concelleiros Sres. Rodríguez Fernández (BNG), Fernández Comesaña (UCN) e Vilas González non adscrito

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Pleno do Concello é a máxima e mellor representación da cidadanía de Nigrán. Os concelleiros elixidos teñen a oportunidade de expor, discutir, rebater e aprobar ou rexeitar aquelas iniciativas que consideran importantes ou necesarias para o bo desenvolvemento do noso municipio.

Dende sempre as decisións adoptadas pola maioría dos concelleiros ou concelleiras que representan aos veciños e veciñas de Nigrán foron respetadas, asumidas e cumpridas polo goberno e polo Alcalde de este municipio.

No Pleno ordinario do mes de febreiro de 2014 o goberno en minoría del PP de Nigrán se enfrontou a unha Moción presentada ao pleno por UCN para obrígalo a repoñer ao seu estado primitivo a Rúa Mariñeiro, voltando a ser unha vía de dobre sentido de circulación.

A proposta foi aprobada con votos favorables da UCN, propoñente da mesma, e o apoio do PSOE, BNG e o Concelleiro non adscrito. Ante ese mandato plenario Alberto Valverde optou pola opción menos democrática facendo caso omiso ao mandato da maioría.

Durante os plenos ordinarios dos meses de marzo e abril os concelleiros da oposición preguntaron e rogaron ao Alcalde de Nigrán que cumprira o mandato que o pleno decidirá por maioría absoluta pero Alberto Valverde non so non escoitou estas peticións senón que aseverou que non la devolver a dobre dirección á Rúa do Mariñeiro.

Esta decisión do Alcalde de Nigrán de cumprir ou non cumprir as propostas aprobadas pola maioría do pleno segundo el considera leva aos propoñente a unha total e absoluta desconfianza no rexedor municipal e a dubidar de que calquera acordo, plenario ou non plenario, finalmente sexa adoptado polo Alcalde.

Co fin de que se cumpran os acordos plenarios e situacións tan pouco comprensibles como estas, nas que os partidos políticos da oposición ven obviadas as súas propostas e o Alcalde atribúese a potestade, como si dun monarca absolutista ou un ditador se trátase, os grupos municipais do PSOE, BNG, UCN e Concelleiro non adscrito propomos ao Pleno esta corporación os seguintes ACORDOS:

1. Esixir ao Alcalde - Presidente do Concello de Nigrán o cumprimento de todas aquelas propostas aprobadas polo Pleno.
2. Executar de xeito inmediato o acordo Plenario do mes de febreiro de 2014 e devolver o dobre sentido á Rúa Mariñeiro de Panxón e recuperar as paradas de transporte público ATSA na PO-325 (estación e cruce Bouzabella).
3. Paralizar calquera tipo de negociación por parte dos grupos políticos municipais e que requiran aprobación plenaria mentres o Alcalde de Nigrán non cumpra as resolucións adoptadas pola maioría do Pleno de Nigrán.

*B) Emenda do Sr. Alcalde con proposta alternativa á Moción tratada na Comisión Informativa.*

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A moción presentada polos distintos grupos da oposición que conforman a actual corporación municipal solicita "exisir do alcalde - presidente do Concello de Nigrán o cumprimento do acordo plenario" no que se solicitaba "executar de xeito inmediato o devolver o dobre sentido a Rúa Mariñeiro de Panxón e recuperar as paradas de transporte público de ATSA na PO-325 (estación e cruce de Bouzabella)". Na mesma moción se plantexa acordar "paralizar calquera tipo de negociación por parte dos grupos políticos municipais e que requiran aprobación plenaria mentres o Alcalde de Nigrán non cumpra esta resolución". A isto hai que engadir que tal e como se publica nos distintos medios de comunicación do 27-05-2014, os grupos da oposición parece que incluso condicionan unha posible aprobación dos presupostos que se debaten no pleno ordinario de maio, e unha posible aprobación do plan xeral, a que se cumpra o establecido na moción presentada por UCN na sesión plenaria de febreiro de 2014. Nesta se plantexaba o repoñer ao seu estado primitivo a Rúa Mariñeiro, voltando a ser unha vía de dobre sentido de circulación.

Tendo en conta que a decisión de facer diferentes modificacións na Rúa Mariñeiro, entre elas dotala de sentido único descendente, responde as conclusións dun estudo realizado da zona por parte da Policía Local co obxecto de intentar aliviar os problemas que se estaban a producir nesta zona e facendo maior inciso nas posibilidades de aumento de prazas de estacionamento, habilitar zonas específicas de carga e descarga así como para persoas con mobilidade reducida e procurar que o tráfico non provocase retencións o transporte de viaxeiros, nin demais usuarios das vías e por tanto a mellora da circulación rodada;

Tendo en conta que existen presentados diferentes escritos no rexistro do concello de Nigrán por parte da Comunidade de Veciños da Urb. "Os Mariñeiros" Nº 34 - 1ª de data 8 de xullo de 2013 e 3 de marzo de 2014, e da Asociación de Empresarios e Comerciantes do Val Miñor de data 6 de marzo de 2014, así como múltiples manifestacións verbais feitas por veciños e veciñas da zona, nas que se valora positivamente as modificacións feitas e postas en marcha na Rúa Mariñeiro en xuño de 2013;

Tendo en conta que tras as noticias publicadas no día 27/05/2014 diversos comerciantes, hostaleiros e veciños da zona contactaron co alcalde para mostrar o rexeitamento a devolver o dobre sentido a Rúa Mariñeiro;

Tendo en conta que polo contrario non hai queixas formais presentadas neste concello manifestando o desacordo coas medidas en Rúa Mariñeiro máis alá do manifestado nunha reunión co alcalde por parte da Asociación de Veciños de Monteferro, e da moción presentada por UCN no pleno de febreiro de 2014;

Considerando a vontade deste alcalde e equipo de goberno de que cuestións fundamentais para os intereses de Nigrán como o PXOM ou a aprobación dos orzamentos saian adiante ca participación e/ou consenso máximo entre os grupos da corporación e que por tanto neste caso a posible decisión do cambio de sentido dunha rúa poida ser utilizado como argumento para que estes importantes asuntos non saian adiante.

Por todo isto, o Alcalde - Presidente do concello de Nigrán propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO: A creación dunha comisión especial composta por Alcalde, un membro de cada partido político da corporación (PP, PSOE, BNG, UCN e Non Adscrito), o xefe da Policía Local de Nigrán, un membro da A.VV. de Monteferro (Panxón), dous representantes da Asociación de Empresarios do Val Miñor (un portavoz de hostalería e outro de comerciantes), e un representante da empresa concesionaria ATSA, na que se analice, se debata e se decida sobre o mantemento do sentido único da Rúa Mariñeiro ou a restitución ao seu estado primitivo volvendo a ser unha vía de dobre sentido de circulación.

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:* Trátase de trasladar ao Pleno un desexo da maioría dos veciños. As decisións que toma o Pleno hai que asumilas No Pleno de febreiro

decidiuse, a instancias dun grupo político, que se cambiase a dirección da rúa do Mariñeiro. O Alcalde non se ativo ao decidido polo Pleno. Non é certo que se estea condicionando a adopción doutros acordos ao cumprimento desta decisión plenaria. Pídelle ao Alcalde que cambie de actitude.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* É unha proposta de radicalidade democrática. O Pleno é a máxima expresión da vontade popular. E hai que ser coherente co que este decida. Se non se respectan os acordos plenarios, non se pode chegar a acordos con quen así actúa. Se a maioría está equivocada, esta será a que teña que asumir as consecuencias das súas decisións.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Comparte o sinalado polos representantes da oposición. Neste caso, toda a oposición coincide en considerar un desprezo á vontade popular representada no Pleno a actitude do Alcalde. É posible que alguén se beneficie desta situación, pero hai moitos prexudicados, entre eles os usuarios do transporte público. Os problemas de aparcamento en Panxón non se resolven con isto. Na súa época de Concelleiro deixou unha proposta de parking soterrado, que o actual Alcalde non tomou en consideración. Ademais o Alcalde tampouco facilitou os informes nos que di apoiarse. A oposición non está chantaxeando ao Alcalde, como este afirma, senón buscando unha solución de diálogo que pase por respectar o acordo do Pleno.

*D. Ignacio Vilas González, concelleiro non adscrito:* Hai que respectar os acordos plenarios e parécelle ben que se cree unha comisión sempre que se respecte o que se decida nela.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Respectará esa decisión. Non ten fundamento darlle esta transcendencia a unha decisión que é competencia do Alcalde. E esa competencia exerceuse con base en informes dos técnicos que a amparan e co consentimento da Xunta. Na prensa sae que a oposición condiciona o apoio aos orzamentos ao cambio de dirección. A mostra de que hai vontade de diálogo é a emenda que se presenta prevendo a creación dunha Comisión, con integrantes de diversa natureza. El aceptará o que saia desa comisión. Haberá posicións a favor e en contra, pero a situación actual obedece a unha decisión meditada e amparada en opinións técnicas. Pide a UCN que respecte ao goberno nas expresións que emprega. Explica os termos da emenda que presenta. Propón que se oía aos afectados e se decida en consecuencia.

*Sr. González Pérez:* O Alcalde di que a competencia é del, pero agora esta disposto a reunir unha Comisión para decidir ¿Que mellor comisión que o Pleno no que están representados os veciños? Cumpra o que se dixo no Pleno e faga ese cambio. Non é certo que se estean condicionando a ese cambio decisións plenarias de transcendencia.

*Sr. Rodríguez Fernández:* A cuestión é se o Alcalde está disposto a respectar os acordos maioritarios aínda que non estea totalmente de acordo con eles. Non ten inconveniente en participar nunha comisión de estudio. Da emenda habería que eliminar expresións da exposición de motivos e equilibrar a representación de empresarios e veciños.

*Sr. Fernández Comesaña:* Ninguén pretende exercer competencias do Alcalde, pero a decisión do Alcalde prexudica aos veciños. Hai que escoitalos. A Corporación insta a que rectifique e o Alcalde non quere rectificar. Non pode confundir a discrepancia co insulto, e se se sentiron insultados por algunha expresión súa, retíraa. O Pleno debe analizar como o Alcalde exerce as súas competencias. Primeiro hai que executar o acordo plenario e despois pode crear esa

Comisión.

*Sr. Alcalde Presidente:* As opinións en Panxón son diversas. A Asociación dos veciños está en contra, fundamentalmente polas paradas do autobús. O normal é axilizar o asunto e empezar por convocar a Comisión. Non hai motivo para cambiar o sentido sen ter en conta o ditame desa Comisión. Modifica a emenda no sentido de incluír un membro da asociación de empresarios en vez de dous.

*Sr. González Pérez:* Aprobemos a moción, levémola a cabo e logo convócase á Comisión. Nada garante que o Alcalde respectará o que indique a Comisión.

*Sr Alcalde Presidente:* Comprométese a respectar o que diga a Comisión.

*D. Manuel Doldán Costas; do grupo socialista:* Comprométese a respectar o que diga a maioría do Pleno. O colectivo veciñal representa aos veciños e hai que telo en conta. O Alcalde non tivo en conta as dificultades para os usuarios do transporte que representa esta situación, da que é responsable o propio Alcalde.

*Sr. Alcalde Presidente:* Hai que escoitar a todos e despois decidir.

*Sr. Doldán Costas:* O Pleno tomou unha decisión e o Alcalde debe respectala.

*Sr. Vilas González:* Se o Alcalde da a opción de arranxar o problema hai que telo en conta. Pódese ter primeiro esa reunión, ser razoables e non causar gastos innecesarios.

*Sr. Rodríguez Fernández:* A moción non é sobre a Rúa do Mariñeiro, senón sobre o respecto aos acordos do Pleno. Píde que se aprobe a moción tal e como está, e logo apoiará a proposta do Alcalde.

*Sr. Alcalde Presidente:* O que din na moción é que cumpra o acordo da rúa do Mariñeiro. Xa dixó que esta disposto a modificar a emenda quitando a exposición de motivos, reducindo a un membro a representación dos empresarios e obrigándose a respectar o que saia da Comisión.

*Sr. González Pérez:* A moción ten tres puntos. A incompatibilidade pode estar no punto 2. Se se compara coa emenda podería substituíse pola proposta do Alcalde. Suxire manter o primeiro punto, no segundo incorporar o que propón o Alcalde e manter o terceiro punto.

*Sr. Alcalde Presidente:* Mantén a súa emenda corrixida.

*Sr. González Pérez:* Se o Alcalde non cumpre cos acordos non se pode confiar nel ; é razoable a proposta do PSOE.

*Sr Alcalde Presidente:* Propón que, suprimir a exposición de motivos, manter o punto primeiro da moción; o punto segundo corrixido coa emenda do goberno (un representante dos empresarios e obrigado cumprimento do acordo); e suprimir o punto terceiro.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda:

1. Esixir ao Alcalde - Presidente do Concello de Nigrán o cumprimento de todas aquelas propostas aprobadas polo Pleno.

2. Crear unha comisión especial composta polo Alcalde, un membro de cada partido político da corporación (PP, PSOE, BNG, UCN e Non Adscrito), o xefe da Policía Local de Nigrán, un membro da A.VV. de Monteferro (Panxón), un representante da Asociación de Empresarios do Val Miñor, e un representante da empresa concesionaria ATSA, na que se analice, se debata e se decida sobre o mantemento do sentido único da Rúa Mariñeiro ou a restitución ao seu estado primitivo voivendo a ser unha vía de dobre sentido de circulación, obrigándose o Alcalde a aplicar o sentido da circulación que determine esa Comisión.

### I.5.- ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2014

A Comisión Especial de Contas, na súa sesión ordinaria do 21 de maio de 2014, informa favorablemente o expediente do orzamento xeral do exercicio 2014, ca seguinte proposta da Alcaldía:

Cumprindo o establecido no artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, realizados todos os trámites para a elaboración do orzamento xeral correspondente ao exercicio 2014, este Alcalde propónlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar inicialmente o orzamento xeral deste Concello para o exercicio 2014, co seguinte resúmen por capítulos de ingresos e gastos:

#### ESTADO DE INGRESOS

##### A) Operacións correntes:

CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS
1	Impostos directos	5.098.197,94
2	Impostos indirectos	220.000,00
3	Taxas e outros ingresos	3.668.300,00
4	Transferencias correntes	3.600.514,44
5	Ingresos patrimoniais	64.175,00
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>12.651.187,38</b>

**B) Operacións de capital:**

<b>CAP.</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>EUROS</b>
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	132.580,14
8	Activos financeiros	25.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>157.580,14</b>

**Total estado de ingresos                    12.808.767,52**

**ESTADO DE GASTOS**

**A) Operacións correntes:**

<b>CAP.</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>EUROS</b>
1	Gastos de persoal	3.988.155,87
2	Gastos en bens correntes e servizos	7.138.713,77
3	Gastos financeiros	109.161,05
4	Transferencias correntes	406.850,00
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>11.642.880,69</b>

**B) Operacións de capital:**

<b>CAP.</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>EUROS</b>
6	Investimentos reais	736.149,01
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	25.000,00
9	Pasivos financeiros	404.732,82
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>1.165.881,83</b>

**Total estado de gastos                                    12.808.767,52**

**2º.-** Aprobar as bases de execución do orzamento, así como os investimentos recollidos no capítulo 6 do estado de gastos e anexo de investimentos.

**3º.-** Aprobar o cadro de persoal relativo ao persoal funcionario, laboral e eventual, de conformidade co disposto no artigo 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, así como o anexo de persoal, coa relación valorada de todos os postos de traballo.

**4º.-** Expoñer ao público o orzamento xeral, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios e na páxina web deste Concello, para que os interesados debidamente lexitimados podan examinalo e presentar reclamacións ante o pleno.

Se transcorrido dito prazo non se presentaran reclamacións contra o orzamento xeral de 2014, entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario. En caso de existir reclamacións, procederase na forma indicada no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

En todo caso, será preciso que se proceda á publicación á que fai referencia o apartado 3 do mesmo artigo.

**5º.-** Remitir unha copia do orzamento á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

#### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* Comeza referíndose ao que significa un orzamento, aos seus condicionamentos legais e prioridades, entre elas, as de apoio á creación de postos de traballo, fomentando o emprego. Mostra á Corporación uns gráficos que reflectan a evolución positiva das finanzas municipais, tanto en gastos como en ingresos. Explica que os orzamentos tráense a estas alturas por varias razóns que teñen que ver coas demais obrigas do departamento económico e as súas carencias en materia de persoal, e co cálculo da regra de gasto e as súas dificultades. Mantivéronse reunións desde o mes de febreiro con representantes da oposición. UCN fixo unha proposta. No relativo aos ingresos, hai que ter en conta os datos de partida, os que se veñen percibindo, as modificacións das ordenanzas ou as revisións dos padróns. Nos gastos abórdanse diversos incrementos propostos neses contactos cos grupos políticos. UCN pediu certas xustificacións sobre temas como a emisora da policía ou programa informático da área económica, o que motivou que se emitisen informes xustificativos. Tamén se decidiu esperar a que se confirmen as subvencións antes de consignalas. Atendéronse peticións do PSOE, coma a do cambio de denominación dun posto de confianza, incrementáronse diversas contías, así, en materia de servizos sociais, educación, emprego, viais municipais e tamén en subvencións. Sobre a rebaixa da carga tributaria, a intención é volver a parámetros de 2011, se é posible. Haberá que reformar certas ordenanzas fiscais, para melloralas. En gastos, entre outras partidas, aumentouse a consignación para rematar o PXOM. Tamén se pretende encargar un estudo económico sobre futuras instalacións deportivas de Porto de Molle. Consígnanse partidas de abastecemento e saneamento, construción de nichos no cemiterio de Parada, soterramento de liñas eléctricas, parques infantís e zonas verdes, medio ambiente, plans de pensións sen aumento da masa salarial. Prodúcese un aumento en gastos sociais e emprego. Sobre a competencia municipal en plans de emprego e outras, hai dúbidas en materia normativa. Outras partidas son as de



subvencións a comisión de festas e demais actividades; consignación para o inventariado de bens ou campamentos de verán. Abóase a parte proporcional da paga extra, non pagada no seu día. A de mantemento de viais incrementábase nun 50 %. En gastos xurídicos, hai que facer fronte a atrasos. Tamén se incrementa a achega á Mancomunidade do Val Miñor, por se a Xunta non se facía cargo. Se este orzamento non se aproba non se poderían utilizar 800.000 euros para amortizar débeda; tamén se prexudicaría a construción dun almacén municipal e outras obras. Baixaría a actividade económica. Non poderíamos cumprir coa achega a Augas de Galicia, perdendo 800.000 euros.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:* Os resultados positivos aos que se refire o Concelleiro, que veñen producíndose, segundo as notas de prensa, son grazas ao goberno, pero o certo é que a contención empezou na época do goberno do Partido Socialista. O Concelleiro pediunos propostas de cara ao orzamento. O PSOE ofreceu a súa colaboración, pedindo certas cuestións, entre elas o almacén, o das duchas das praias, a mellora da débeda municipal etc. A aposta do seu grupo foi educación (libros, comedores, garderías...), asistencia social e servizos desta natureza, incluíndo o emprego e a promoción xuvenil e cultural; camiño Poutón; Gándara; antigas vivendas de mestres; Torreiros de Priegue e de Parada... Pedimos participar en plans de investimentos da Deputación e da Xunta. A resposta foi unha nota de prensa acusando ao PSOE de non querer negociar e boicotear o proceso, así como de querer gastar máis do que se ten. O que buscan é que o PSOE non aprobe o orzamento para despois acusalo diso mesmo. Os orzamentos non recollen as grandes apostas que presentou o PSOE. Na prensa seguen dicindo que se non se aproban os orzamentos se lle está facendo un dano a Nigrán. O PSOE xa non cre na palabra do Alcalde. Non houbo vontade real de negociar co PSOE. Non votarán a favor, por desacordo e a falta de confianza no goberno municipal.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Foi convocado a dúas reunións, pero non puido asistir por razóns de traballo; tamén é certo que o BNG non comparte moitas das prioridades do Goberno. O orzamento incide no incremento do Capítulo II de gastos, que xa supera o 50% do total. É necesario controlar a súa dimensión e a escalada ascendente que se aprecia desde hai varios anos; o bo é que baixen os gastos financeiros. No que se refire ás directrices do orzamento, hai que incidir na detección de bolsas de fraude, en lugar de incrementar a presión. Está de acordo con isto, e con que se incrementen as licitacións públicas en cada vez máis procesos, incluíndo a maior participación e transparencia nos contratos menores. Pregunta pola reclamación á Zona Franca de débeda pendente. Parece que o que máis lle interesa ao goberno é dispor de fondos para as subvencións, sobre todo en ano preelectoral. Non quere dicir isto que non se deban promocionar actividades de interese público, mais que apoiar a entidades polo mero feito de existir. Tamén se prevén dotacións para revisións de prezos de concesionarias, ás que lles hai que controlar as prestacións. No que se refire a emprego, a cantidade de xestión municipal directa redúcese; o aumento radica nas subvencións que pretenden repartir. A consignación de 50.000 euros para o PXOM pódese ser significativa e lévao a incrementar as súas dúbidas. Ao mellor o que se impón é unha nova contratación. No que se refire aos ingresos hai algunhas previsións que parecen moi optimistas, salvo que existan datos que as avalen, porque non veñen amparados pola recadación de exercicios anteriores. A prórroga do orzamento é unha posibilidade, non unha hecatombe. Non votará a favor, aínda que pode apoiar modificacións concretas no caso de que estean xustificadas.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Acudiu ás reunións ás que foi convocado. Pensou que había intención de chegar a acordos. Formulou as súas propostas, pero parece que a vontade de consenso só era aparente. O goberno aínda non asimilou que está en

minoría e, cando menos, deberá contestar ao que se lle propón. Non poden pretender que a oposición lles dea cheques en branco. Non o presentaron en prazo e a prórroga, a estas alturas, é unha posibilidade que non cabe descartar. As partidas que se incrementan en ingresos van en contra do que se recadou no exercicio anterior. Así o I.C.I.O e a taxa de licenzas. Tamén sobe o ingreso pola taxa de abastecemento, sen saber o motivo. E sorprende a previsión polas multas de tráfico e a grúa. No que se refire aos gastos, os capítulos I e II superan o 80% por 100 do total. Hai unha serie de reparos do Interventor por incrementos de complementos a certos funcionarios, entre outros. O peso do capítulo II é notable e o aforro en gastos financeiros debería repercutir en favorecer o emprego, coa particularidade de que maioritariamente van a subvencións. Nos temas sociais, salvo nalgún caso, hai reducións. No capítulo VI hai prioridades: Camiño Vello, Rúa Otero Pedraio, Bouzavella, Manuel Lemos, Rúa do Mariñeiro, etc, que requiren atención, buscando axudas da Administración titular das vías. Non se xustifican investimentos que se contemplan con partidas globais, coma no caso do saneamento. Tamén descoñece a xustificación da consignación para programas informáticos. Non votará a favor.

*D. Ignacio Vilas González, concelleiro non adscrito:* Non estou de acordo con que se incremente o orzamento e si coa necesidade de consenso.

*Sr. García Pazos:* Nunha reunión o día 5 de marzo acadouse unha base de acordo e quedouse en facer novas achegas sobre cuestións que poderían admitir cambios. Non se comunicou nada por parte da oposición. No torreiro de Parada non se pode investir sen previa cesión dos terreos. A incorporación de remanentes incrementa a contía dos investimentos. O peso do capítulo II sube ao baixar os gastos financeiros. Hai posibilidades de mellorar as licitacións, pero salvando as dificultades correspondentes. Zona Franca demandounos xudicialmente por reclamarlle a débeda de Porto Do Molle. No parque empresarial hai 4 licenzas en trámite. Os ingresos previstos no ano anterior, cumpríronse. O orzamento prorrogado non é o do ano pasado, xa que desapareceron del determinadas partidas. O número de reparos da Intervención reduciuse. As multas son as que resultan do cumprimento das súas obrigas por parte da policía local. Os ingresos veñen marcados pola actualización dos padróns fiscais.

*Sr. González Pérez:* O PSOE gobernou con orzamentos prorrogados, porque os grupos da oposición non os apoiaron. Este orzamento non responde as expectativas nin a compromisos reais. Con notas de prensa culpando á oposición non van conseguir nada.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Estamos nun ano pre-electoral e a partida de subvencións incrementábase.

*Dna. Liliana Silva Pequeño, concelleira delegada:* Trátase de sentar unhas bases xustificativas do outorgamento, acudindo á concorrència competitiva.

*Sr. Rodríguez Fernández:* A concorrència pode servir para subvencionar a entidades ou actividades. Insiste en que non é unha hecatombe que non se aproben e en que pode haber acordos puntuais.

*Sr. Fernández Comesaña:* A partida de asistencia social reducírase na proposta inicial, despois preveuse un incremento.

*Sr. Alcalde Presidente:* O certo é que a previsión para gastos sociais sobe con relación aos

exercicios anteriores.

*Sr. Fernández Comesaña:* Hai partidas esaxeradas coma a dos gastos xurídicos ou a do almacén. Os servizos privatizados hai que auditalos. As subvencións deben axustarse á ordenanza. O orzamento puideron vencellalo no seu día a unha cuestión de confianza, pero non o fixeron.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non é fácil cadrar un orzamento e é lamentable que alguén se sinta defraudado despois do traballo feito e, sobre todo, se é a causa de estratexias políticas que non profundizan no fondo da cuestión. O Alcalde delegou as negociacións no Concelleiro de Facenda para evitar reticencias por parte dos outros interlocutores. Tratábase, entre outros aspectos, de crear unhas becas e non coa perspectiva de obter réditos electorais, e tamén de evitar situacións discriminatorias en materia de persoal, sen esquecer a vontade de establecer a concorrencia competitiva nas subvencións e a busca de transparencia nas licitacións, aspecto no que xa se avanzou notablemente. Foi este goberno quen lle reclamou a débeda pendente á Zona Franca. Pide que se reconsidere a postura do non apoiar o orzamento, porque se perde a posibilidade de incentivar á actividade e económica e, en consecuencia, o emprego. É certo que hai problemas de competencia en certas materias, pero apostan por elo. Está de acordo coa revisión dos contratos, pero tendo en conta que os servizos hai que pagalos. Todos foron invitados a participar e o voto debe ser responsable, cando menos absténdose para evitar os prexuízos que se derivarían dun rexeitamento.

**Votación e acordo.-** Sometida á votación ordinaria a proposta ditaminada pola Comisión informativa, xunto co levantamento dos reparos da Intervención, obtívose o seguinte resultado.

- Votos a favor: 8; PP.
- Votos en contra: 9; PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Abstencións: Ningunha.

En consecuencia, o Pleno do Concello rexeita a proposta relativa á aprobación do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2014.

## II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E COMUNICACIÓN RELATIVA Á DESAFECTACIÓN DO LOCAL ESCOLAR DE PRIEGUE

A) Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de abril de 2014 e o 30 de abril de 2014, ambos incluídos.

B) Tamén estivo á disposición dos membros da Corporación a documentación na que consta que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria concedeu autorización previa á desafectación, solicitada polo Concello, da escola situada na rúa Torreiro, Priegue.

## **II.2.- DAR CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DO CONCELLO DE NIGRÁN, DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2014**

Tendo en conta o sinalado na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros o informe conxunto da Tesourería e Intervención municipais:

- Data de emisión: 30-04-2014
- Epígrafe: Cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Nigrán durante o 1.º trimestre do 2014.

## **II.3.- DAR CONTA DO INFORME DO INTERVENTOR XERAL (rfa. T 44/14) SOBRE PRÓRROGA DO ORZAMENTO XERAL DO ANO 2013 PARA O ANO 2014: AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGLA DE GASTO E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA**

Dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros o informe da Intervención municipal, que a seguir se identifica:

- Rfa. T 44/14
- Data de emisión: 29-04-2014
- Epígrafe: Prórroga do orzamento xeral do Concello de Nigrán do ano 2013 para o ano 2014: avaliación do grado de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, e do nivel de débeda viva.

## **II.4.- DAR CONTA DO INFORME DO INTERVENTOR XERAL (rfa. T 50/14), DE AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGLA DE GASTO E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2014, E AS ESTIMACIÓNS A 31-12-2014**

Dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros o informe da Intervención municipal, que a seguir se identifica:

- Rfa. T 50/14
- Data de emisión: 07-05-2014
- Epígrafe: Avaliación do grado de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, e do nivel de débeda viva no primeiro trimestre de 2014, e as estimación a 31.12.14.

## **II.5.- ROGOS E PREGUNTAS**

- 1.- *D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:*

1. O semáforo do paso de peóns que hai fronte a pastelería "O Chusco", leva tempo que non funciona sobre todo a parte luminosa, rogaría por quen corresponda se poida reparar.

2. No camiño da Raposa, na travesía da Rúa Otero Pedraio, existe un bache na calzada que recentemente produciu un accidente dun peón que sufriu un grave prexuízo, tivo que estar hospitalizado. Ao mesmo tempo tamén existe un poste de Fenosa na metade do camiño. Rogo se proceda a súa reparación e retirada. Igualmente neste camiño da Raposa ao tratarse dun camiño que non ten saída, e non existe sinalización, rogo se coloque unha sinal indicando: "Calle Cortada".

3. As obras que se están a levar a cabo na Rúa Arco Visigótico de Panxón substituíndo o pavimento de adoquíns por pedra, iniciáronse recentemente sen ningunha información aos veciños nin comerciantes da zona, o que motivou indignación e preocupación por falta de información. ¿Que plans ten o goberno con respecto a esta actuación; pensa seguir adiante con e?, porque abarcaba a Rúa Arco Visigótico e Álvaro Mouelle; ¿vai a continuar agora neste momento de verán? e ¿por que motivo non se lle informou aos veciños das obras que se ían a levar a cabo?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Esto último é falso, e me remito ao contrato que está firmado.

*Sr. Fernández Comesaña:* Non, non o digo eu, o din os veciños e o din incluso na prensa. Eu fixen só de portavoz do que eles dicían. Vostede dicía que eu mentía, pero estaba acusando aos veciños de mentir.

*Sr. Alcalde-Presidente:* E que algún non di a verdade, pero non hai inconveniente en dicírllo á cara, como xa llo dixer eu persoalmente.

*Sr. Fernández Comesaña:* ¿Van a seguir as obras agora ou vanse a paralizar e vanse a continuar no mes de setembro? ¿Que plans ten previsto?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Me ciño ao contrato da obra que está firmado entre outra Administración e a empresa que está executando a obra.

*Sr. Fernández Comesaña:* ¿Non é capaz de dicir si efectivamente o prazo vai a ser de dous meses que estaba no proxecto ou vai a ser de menor tempo?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Me ciño ao contrato da empresa. A do Arco Visigótico xa está finalizada.

*Sr. Fernández Comesaña:* Hai un tramo que está feito, pero eu pregunto se van seguir ou non.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Hai un contrato firmado, Como non se vai a seguir.

4. Sobre o paseo marítimo. No pasado pleno de marzo aprobouse a proposta conxunta (PP, BNG, UCN e Concelleiro non adscrito) para levar a cabo as obras de reconstrución do paseo marítimo de Panxón derribado polos temporais, onde, entre outros aspectos, a proposta de UCN, se contemplaba a posibilidade de incluír pavimento de pedra natural en vez de baldosas, igualando así o tramo desde o Porto ata o "JR", realizado no seu día con fondos municipais. Comprobamos que Costas ignorou este acordo a pesar de que a diferenza de

custo, rondaría escasamente os 60.000 euros. ¿Que xestión realizou para que o Paseo de Panxón puidera ter un acabado en pedra? E se lle parece razoable, como se esta levando a cabo este acabado; se se sinte orgulloso de como están as obras, sobre todo de pavimentado.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si, me gusta como esta quedando e de feito hai un contrato para finalizar nun prazo pertinente, que espero que se cumpra.

*Sr. Fernández Comesaña:* Non me contesta se fixo xestións.

*Sr. Alcalde Presidente:* Si pero como non as podo demostrar, e como non me cre, pois entón para que lle vou dicir que si.

*Sr. Fernández Comesaña:* Faríaas, pero non serviron de nada, porque parece que non llas tiveron en consideración.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O que está claro é que a obra faise, o Paseo se reconstrúe e o que é importante é que o Paseo vai quedar mais seguro do que estaba, a pesar de que vostede no seu día, que era concelleiro aquí, tamén puido pedir losetas de pedra e esas cousas e nunca o fixo. E, por certo, na súa época caeu e cambiárona por pedra, incluso de cor diferente á que había.

*Sr. Fernández Comesaña:* Non diga mentiras, que o habitual en vostede é mentir. Nós, cando chegamos, o muro estaba derribado e, loxicamente, a primeira fase si que se fixo en pedra con fondos municipais. Agora é darlle continuidade a algo que está. Antes non existía, pero vostede manipula todo.

5. Na Praia de Patos, onde está o Mercadillo, os temporais derribaron unha escaleira de madeira que da acceso á praia e se colocaron unhas vallas que supoñen un certo perigo. ¿Que xestión realizou para que Costas solvente este problema; pensa que poida estar resolto para o verán?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si.

*Sr. Fernández Comesaña:* ¿Fixo xestións?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si, pero como non mo vai crer.

6. Obras de Castelao, ¿Están xa adxudicadas?

*Sr. Alcalde- Presidente:* Cando se adxudica unha obra se publica no boletín, se fai público. Polo tanto, cando sexa publicado no boletín vostede se poderá enterar se está ou non. En principio está en proceso de licitación e aínda non está adxudicado.

\*\*\*

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.